

**ACTA DE APERTURA E CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN DO SOBRE A DO PROCEDEMENTO ABERTO, OFERTA ECONOMICAMENTE MÁIS VANTAXOSA, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN DO SERVIZO PARA A XESTIÓN E IMPARTICIÓN DE ACTIVIDADES FORMATIVAS NA AULA CEMIT DE REFERENCIA DO CONCELLO DE AMES.**

Na Casa Consistorial de Ames sendo as once horas do día 2 de xuño de 2017, reúnese a Mesa de Contratación designada para a tramitación da adxudicación do **PROCEDEMENTO ABERTO, OFERTA ECONOMICAMENTE MÁIS VANTAXOSA, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN DO SERVIZO PARA A XESTIÓN E IMPARTICIÓN DE ACTIVIDADES FORMATIVAS NA AULA CEMIT DE REFERENCIA DO CONCELLO DE AMES.**

**ASISTENTES:**

**Presidente:**

**José M. Miñoñes Conde**, alcalde do Concello de Ames e responsable da Área de Reforma Administrativa.

**Vogais:**

**Rosa Ana Prada Queipo**, secretaria municipal do Concello de Ames.

**M. Carmen Crespo Doldan**, interventora accidental municipal do Concello de Ames.

**Rogelio Pardo Martínez**, xefe do Servizo de Contratación do Concello de Ames

**Secretaria:**

**M. Isabel Quintáns Rios**, auxiliar administrativa do departamento de Contratación.

Constitúe o obxecto desta reunión proceder á cualificación da documentación xeral contida no sobre A denominado "Documentación Administrativa" presentada polos licitadores.

Consta no expediente certificación da secretaría xeral dos licitadores que presentaron solicitude para participar na adxudicación do contrato do "Servizo para a xestión e impartición de actividades formativas na Aula Cemit de referencia do Concello de Ames"

A continuación procédese a apertura do devandito sobre "A" nomeado "Documentación Administrativa" resultando o seguinte:

Empresa	CIF	Anexo II	Declaración Acreditativa datos identificativos licitador	Anexo III	Anexo IV	Anexo V
AXÓUXERE DEPORTE Y ANIMACIÓN S.L.	B-32386625	SI	SI	SI	SI	SI
CAMPA FORMACIÓN E INTERVENCIÓN SOCIOEDUCATIVA, S.L.	B-15666944	SI	SI	SI	NON	SI
IBÉRICA SOLUCIÓNNS FORMATIVAS, S.L.	B-85627941	SI	SI	SI	SI	SI
OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVICIOS, S.L.	B-70493275	SI	SI	SI	SI	SI

Tras comprobar a documentación presentada polas empresas licitadoras cabe mencionar que a empresa Campa Formación e Intervención Socioeducativa S.L., non achega Declaración de porcentaxe de Subcontratación (Anexo IV) segundo a cláusula 17.1.4) do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

Despois do exame da documentación presentada polos licitadores, e conforme ao disposto no artigo 81.2 do Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas se a mesa observa defectos u omisións subsanables na documentación presentada o comunicará ós interesados para que no prazo de **tres días hábiles** aporten dita documentación, (cláusula 20.3.d) do PCAP).

En consecuencia e de acordo co disposto no parágrafo anterior a mesa por unanimidade dos seus membros acorda:

**Primeiro.-** Requirir á empresa Campa Formación e Intervención Socioeducativa S.L, para que no prazo de **tres días hábiles** aporte Declaración de porcentaxe de Subcontratación (Anexo IV) segundo a cláusula 17.1.4) do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

E non sendo outro o obxecto da reunión, o señor Presidente da por rematado o acto, sendo as once horas e trinta minutos do día de referencia, do que se estende a presente acta, que en proba de conformidade asinan os membros da mesa de contratación, e eu secretaria, certifico.

